

Pesadelo

Soñei o outro día
que na praza da Lúa
de súpeto aparecían
tres estrañas criaturas.

A primeira era amarela,
máis amarela ca o Sol;
cando abría a boca inmensa,
daba pánico e terror!

Outra era verde e redonda
coma un chícharo xigante;
a de azul era aterradora:
tiña uns dentes moi grandes!

Axiña espertei co medo.
De onde saían eses monstros?
Tiven entón un pensamento
que me fixo rir coma un tolo:
Sorte que só comen os tres
plástico, vidro e papel!



1 Que é un pesadelo? Fíxate no título da lectura e pinta a opción correcta.

Un soño
moi agradable.

Un soño
moi curtiño.

Un soño angustioso,
que dá medo.

2 Risca as criaturas que non saen no soño do rapaz.

